

Óbolo renuncia a xestionar o SAF

Páxina 3

O Concello de Ponteareas obxecto de condenas xudiciais

Páxina 4

Aumenta a natalidade en Covelo

Páxina 8

Escaseza de vivenda pública en Mondariz

Páxina 8

A Cañiza e Melgaço avanza na Eurocidade do Miño

Páxina 9

O BNG denuncia o acordo UE-MERCOSUR

Páxina 11

Musealización dos petroglifos do Coto do Chan en Salceda

Páxina 15

Vigo na vangarda europea coa planta de chips SPARC

Páxina 16

Un mel “de Ouro” en París

Páxina 14



O Concello de Ponteareas organiza unha viaxe ao Corpus de La Orotava

Páxina 6



Entrevista

Rosa María Covelo Alonso
Promotora do proxecto “Aloumiños da Terra”

“O medio ambiente e o rural non se deben desatender”

Páxina 7

euronics

Plan Renove

pikolin LOS Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país

BOINSCON CENTER

euronics

Concha Brey, 4
PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

DEL 7 DE ENERO AL 2 DE MARZO 2026.

Rebajas

Hasta **60%** Dto.

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



OLIGARCAS AO PODER

Prometín no editorial anterior que remataría as consideracións sobre “Os 40 anos de liberdade”. E iso pensaba se non fora porque se me cruzaron no camiño una par de lecturas que non me resisto a comentarlles porque, en esencia, veñen a reflectir o que eu repito unha e outra vez sobre os medios, sobre as liberdades e os compromisos. Prometo que o tema pendente será tratado.

O xornalista Carlos Hernández (q.e.p.d.) deixou escrita unha carta para que fora publicada logo da súa morte con apenas 56 anos de vida. Nela confesa ter sido unha persoa moi afortunada por nacer e vivir nunha sociedade que aínda vinda dunha época triste e falta de liberdades hoxe saíu daquel pozo e podemos considerala entre as máis prósperas do mundo. Dinos que se sente afortunado por ser educado nun ambiente de liberdade e para ser crítico, aínda nacendo nun barrio pobre de Madrid. Que decidiu ser xornalista porque entendeu que informando con rigor e honestidade pódese cambiar o mundo. Que nunca mentiu nin manipulou a información, que sempre foi crítico co Poder e que deu voz aos que non a tiñan. Voz para as vítimas, crítica para os verdugos.

Dinos que dos seus veteranos colegas aprendeu que obxectividade non é sinónimo de neutralidade, que contar as cousas con obxectividade obrígate, case sempre, a non ser neutral. Diante dos agresores, os corruptos, o xornalista ten que ser contundente: contar sempre a verdade. Que para ser un bo xornalista hai que ser unha boa persoa. Pensar que dos seus traballos depende que a sociedade poida exercer os seus dereitos estando ben informada. Do traballo xornalístico depende a liberdade, a igualdade e a democracia; por iso non caben escusas para mentir ou para ocultar. Aos novos xornalistas recoméndalles non tolerar a manipulación, que non se autocensuren, que non se escondan baixo a escusa do medo a perder o traballo; que sexan bos xornalistas e boas persoas. Aos mercedarios da información só lles fai unha pregunta: “Se lles compensa o diñeiro ou a fama que poidan gañar a cambio do dano que poidan producir: se poden durmir tranquilos logo de facer o que fan”.

Asegura coñecer a política e sabe que non todos os políticos son corruptos; que



martirena

existen homes e mulleres que teñen como finalidade mellorar a calidade de vida dos cidadáns, que case todos poderían gañar máis diñeiro en empresas privadas; que resulta obvio a existencia doutros políticos demasiado movidos por intereses máis espúeos como a corrupción e as ansias de poder, que hai que mellorar o sistema pero sempre dende a política; moito coidado cos que arremeten contra ela, contra os partidos, os sindicatos e contra a democracia, porque a alternativa é a ditadura, aínda que a bauticen con calquera eufemismo. Que a alternativa aos partidos e sindicatos é o partido único e o sindicato vertical. Que hai moito que mellorar pero que o camiño non é o que nos mostra a extrema dereita mundial.

Considera un agasallo único coñecer o sufrimento dos superviventes dos campos de concentración nazis e franquistas, así como as súas familias que non deixan de repetir que o fascismo non morreu, que segue agochado esperando o seu momento, por iso é tan importante coñecer a historia. Mirar para atrás é a mellor forma de afrontar o presente, de non cometer erros, de non repetir os mesmos fallos.

Seguindo o guión de Carlos Hernández atopámonos cunha información de La Marea sobre cunha recomendación do propietario de Telegram, un tal Pável Durov, aos seus usuarios animándoos a estar vi-xiantes diante das regulacións para menores das redes sociais promulgadas por Pedro Sánchez como un sinal de alerta para a liberdade de expresión e a privacidade.

La Marea informa que diante deste feito

decidiu deixar de publicar en Telegram. Elixir é renunciar, frase que resume o que supón tomar decisións, máis aínda cando se trata de dilemas importantes que entroncan directamente cos valores que nos sustentan como persoas. Aseguran dende esta publicación que nos seus principios editoriais destaca a independencia dos poderes políticos e económicos e dos espazos que se elixen para comunicar. Que non descubren nada se afirman que eses espazos están hoxe nas mans duns poucos “señores tecnofeudais”.

Na actualidade está sobre a mesa a cuestión: ¿é Telegram un espazo independente cando o seu fundador o utiliza para mandar unha mensaxe masiva aos usuarios cunha clara intencionalidade de influír nas súas opinións?

La Marea é un medio independente, sen ánimo de lucro, ao que estou subscrito dende o ano 2012, que ven apostando polo xornalismo de investigación, pola análise en profundidade e pola cultura, sempre cunha mirada crítica e comprometida.

Finalmente, reflectir o comentario de Ana Cruz Muñoz, profesora de Educación Secundaria, a propósito da mensaxe do propietario de Telegram, escribe: nunha cousa ten razón o dono de Telegram cando lle envía unha mensaxe aos seus alumnos de bacharelato, que usan a súa rede social e lles di “loiten polos seus dereitos”. Precisamente, nestes momentos, di Ana Cruz, estamos lendo “Que é a ilustración”, de Immanuel Kant que xa animaba aló polo século XVIII aos seus coetáneos a que

pensaran por si mesmos. En latín, indicáballes SAPERE AUDE, que poderíamos traducir por “ten valor de servirte da túa propia intelixencia. Cos móbiles e o papel sobre a mesa fomos kantianos, filosofamos lendo, dialogando, argumentando, poñendo exemplos e sacando conclusións.

Grazas a mensaxe que nos serve de exemplo comprobamos que os titores dos que nos fala Kant hoxe non son tanto as relixións ou os gobernos senón os tecnoligarcas. O pasotismo ou o permanente uso das redes sociais serían a preguiza e a comodidade da Ilustración; actitudes ideais para que a sociedade sexa manipulada mentalmente, emocionalmente, acabe estando secuestrada pero contenta.

Cando o Presidente do Goberno, Pedro Sánchez, propón limitar a idade para acceder a ese estado de alleamento, diría esta vez Kant, os expertos en manipulación tecnolóxica, enriquecidos a costa da servidume voluntaria non tardaron nin un segundo en reclamar, mentindo como lles é propio, as súas propiedades empresariais, a saber, as mentes da mocidade que aínda non pode pensar por si mesma.

Os nosos dereitos son dispor dunha información veraz, sen bulos, tal como consagra o artigo 20 da Constitución, como dereitos fundamentais e liberdades públicas. Neste caso estar a salvo e seguros no uso das novas tecnoloxías, non ser manipulados en nada, nin en materia de consumo nin, moito menos, en materia de pensamento, ideas, crenzas ou ideoloxías. Aquí os Poderes Públicos (léase España, Francia, Portugal, Australia) xa chegan tarde, pero máis vale tarde ca nunca.

A educación pública como garantía do pensamento crítico ten que posicionarse en contra de calquera intromisión na intimidade, art.12 dos Dereitos Humanos que establece o dereito á privacidade, familia, domicilio ou correspondencia, nin aos ataques a súa honra ou reputación; dereito á protección legal contra tales inxerencias ou ataques, estendendo estes dereitos a intromisión inxustificada na vida privada, a protección ao fogar, a familia e as comunicacións. Dereitos que non teñen nada que ver coas intencións malévolas do oligarca norteamericano.

Páseno ben. Coidado coas tormentas físicas e mentais. Todas elas afectan a nosa integridade.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Roberto Mansilla Blanco, Montserrat Rodríguez, Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldes, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

Óbolo renuncia a xestionar o SAF

O Concello de Ponteareas aprobou en pleno a aceptación da solicitude de renuncia ao contrato do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) presentada pola empresa adxudicataria Óbolo o pasado 16 de xaneiro.

A data de cesamento da actual concesionaria será previsiblemente o 31 de xaneiro. Esta aprobación queda condicionada á finalización dos informes xurídicos necesarios por parte do persoal técnico municipal. Debe indicarse que Óbolo foi obxecto de múltiples cuestionamentos por parte das traballadoras do SAF, da oposición liderada polo BNG, PSdeG-PSOE e Ponteareas en Común e a CIG. A saída de Óbolo de Ponteareas e a municipalización do servizo era unha das demandas máis solicitadas por parte das traballadora/es que estiveron en folga durante case tres meses a finais de 2025.

Polo momento, o Concello recorrerá a un contrato extraordinario de emerxencia coa empresa



Atendo Calidade S.L, unha entidade comarcal con ampla experiencia e recoñecida traxectoria. O novo contrato asume un prezo por hora superior aos 27 euros.

O BNG felicita ás traballadoras
O BNG amosou publicamente a súa satisfacción ante a finalización da prestación do SAF por parte da empresa Óbolo. Cristina Fernández Davila, explicou que esta situación “chega despois de meses de mobilizacións, protestas e denuncias públicas protagonizadas polas traballadoras do servizo fronte aos reiterados incumprimentos do

contrato por parte da concesionaria, tanto no referido ás condicións laborais como á calidade do servizo prestado ás persoas usuarias”. Fernández Davila lamentou que, a pesar dos múltiples incumprimentos detectados, “o goberno de Nava Castro e a dereita puxéronse sempre do lado da empresa e non se atreveron a rescindirle o contrato. Preferiron tapar as carencias da concesionaria con recursos públicos e perseguir e ameazar ás traballadoras que só pedían que se respectasen os seus dereitos laborais”.

O BNG e PSOE rexeitan a “suba brutal e histórica” na factura da auga

O concelleiro do BNG, Xosé Carlos Vázquez, e a voceira socialista Vanesa Fernández denunciaron a “brutal e histórica suba” de preto do 25% na factura de auga e saneamento trala nova ordenanza proposta polo goberno municipal do PP-ACiP-IP “xa aplicada no ano 2025”, segundo indicou Vázquez.

Fernández considerou como un incremento “desproporcionado e inasumible das cotas fixas que pagan as familias, as persoas maiores e o comercio local. Unha suba sen precedentes: +1080% nas cotas fixas”. Para o PSdeG-PSOE, este incremento “non é unha mellora do servizo, senón unha forma de in-



crementar a recadación sen dicilo. Un modelo deseñado para a concesionaria, non para a veciñanza”.

Pola súa banda, Vázquez exemplificou a suba con casos concretos. unha familia con consumo mínimo (15m3/mes) pasa de pagar arredor de 200€ ao ano a preto de 300, o



que supón unha suba superior ao 50%. No caso dun local comercial, con ese mesmo consumo, que pagaba un 220€ ao ano, pagará agora algo máis de 530, o que supón unha suba do 140%. E na tarifa industrial, de 240€ anuais, pasa a 540, un 126% máis.

O Corpus e o Festival Groba en FITUR



Alcaldesa Nava Castro, o tenente de alcaldesa, Juan Carlos González Carrera, o concelleiro de Turismo, Manuel Gregores e o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, presentaron na Feira Internacional de Turismo (FITUR) o cartel anunciador do Corpus Christi 2026, así como do Festival Groba.

No caso do Corpus, que terá lugar o 7 de xuño, tras ser recoñecido como Ben de Interese Cultural (BIC) na categoría de

patrimonio inmaterial, e Festa de Interese Turístico Internacional, o obxectivo é agora alcanzar o recoñecemento como Patrimonio Inmaterial da Humanidade pola UNESCO.

Pola súa banda, o XIV Festival Groba se realizará do 16 ao 22 de agosto, consolidándose como un dos eventos culturais e musicais máis relevantes de Ponteareas e da comarca. En FITUR tamén presentaron a rosquilla de Ponteareas maridada con queixo e mel das Neves.

Formación DESA para emerxencias

A concellería de Seguridade organizou unha xornada de formación de cara á comunidade educativa e ofrecida con Tesgalicia (Asociación Profesional de Técnicos en Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia) sobre o uso do Desfibrilador Externo Semiautomático (DESA) co obxectivo de dotar á cidadanía de coñecementos básicos para actuar con rapidez e eficacia ante unha parada cardiorrespiratoria.

Na actualidade, todos os campos de fútbol, os pavillóns deportivos, a piscina municipal e a praza de abastos contan xa con este tipo de dispositivos. Proximamente o Concello fará



entrega dun DESA ao CEIP As Veigas, ao CEIP Feliciano Barrera e ao CEIP Mestre Ramiro Sabell, xa que o resto dos colexios públicos de Ponteareas dispoñen deste equipamento.

NovaCociña

Paseo Matutino, 12
36860 - Ponteareas
Telf: 986 660 287 / 647 607 674

JJ Copos

Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos

Avda. Galicia
Ponteareas

casa ferreira

Venta: Jamones, Quesos y Vinos - Productos Típicos
JAMON DE TERUEL BAJO EN SAL

Cl. Fdez. de la Vega, 6
36860 PONTEAREAS
charcasferreira@hotmail.es

Teléf. 986 641 554

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Condena xudicial ao Concello por contratación irregular

O BNG de Ponteareas vén de facer público o resultado dunha sentenza xudicial que estima integramente unha demanda interposta contra o Concello, anulando parcialmente un proceso selectivo para a contratación de oito peóns de medio ambiente.

Esta sentenza condena ao Concello a contratar a unha persoa excluída de maneira irregular do proceso e a abonarlle os salarios deixados de percibir, recoñecendo así a vulneración dos principios de igualdade, mérito e capacidade



que deben rexer o acceso ao emprego público. Indicou que “non estamos ante un erro puntual senón ante unha forma de actuar

reiterada que xa tivo consecuencias xudiciais e económicas para o Concello, e que acaba pagando toda a veciñanza”.

A xustiza obriga a restituír ao director do Conservatorio

Un fallo xudicial emitido o 29 de xaneiro determinou que o Concello de Ponteareas deberá restituír ao director do Conservatorio Reveriano Soutullo e da Escola de Música, no cargo desde 2016 e quen fora obxecto de expediente de cese en xullo de 2024.

A sentenza indica que o goberno municipal deberá manter

ao director no seu cargo durante, polo menos, tres anos, o tempo que lle restaba da prórroga como director concedida en 2023 polo anterior goberno municipal. O Concello debe igualmente abonarlle os pluses pendentes.

Por outra banda, o concelleiro Ricardo González informou que o Concello investiu preto de 7.000€ na adquisición dun trombón baixo,

un violín e unha guitarra, así como sete banquetas de madeira regulables e dez atrás, co obxectivo de mellorar os recursos didácticos e contribuír coa modernización do conservatorio. O edil lembrou que ao longo deste curso escolar se destinaron 130.000€ á dixitalización do Conservatorio. No Conservatorio cursan estudos musicais 220 alumnas e alumnos.

Distinguidos polo seu labor na DANA

O Concello trasladou publicamente a súa felicitación aos bombeiros do Parque Municipal de Ponteareas que veñen de recibir o distintivo honorífico de participación nos dispositivos de emerxencia e seguridade con motivo da DANA de 2024, segundo recolle a Orde Ministerial de concesión publicada no Boletín Oficial do Estado.

Os bombeiros distinguidos foron o xefe do parque Roberto Castro Alonso e os profesionais



Carlos Carrera Novoa, José Rodríguez Cuña e Pablo Araújo Fernández. Creado en 1996, o Parque

de Bombeiros de Ponteareas presta tamén servizo nos Concellos de A Caniza, Arbo, Covelo e Crecente.

BNG: reforzo en pediatría

A líder do BNG en Ponteareas, Cristina Fernández Davila, vén de denunciar a negativa do goberno de Ponteareas a solicitar á Xunta a cobertura da praza vacante de pediatría no centro de saúde da localidade. Reclamou a cobertura da praza vacante para poder contar con tres pediatras e garantir unha atención digna a



preto de 2.800 nenas e nenos da vila.

40.000€ para as Bandas e as súas escolas de música

O Concello asinou por terceiro ano consecutivo o convenio de colaboración coas tres bandas de música do municipio, a Banda de Música Reveriano Soutullo; a Banda de Música de Xinzo; e a Banda de Música Unión de Guláns, ás que achegará un total de 40.000€ para o seu desenvolvemento.

Este monto está dividido en 24.000€ en total para cada unha das bandas e 8.000€ para as



tres escolas de música vinculadas a elas. No marco deste convenio, cada unha das bandas ofrecerá catro concertos durante 2026.

En defensa da Sanidade Pública



A Plataforma en Defensa da Sanidade Pública do Condado-Paradanta realizou unha concentración en defensa da Sanidade Pública o 31 de xaneiro no Centro de Saúde de Ponteareas para denunciar o deterioro no servizo sanitario.

Entre as súas demandas des-

tacan a necesidade de cubrir as 15 prazas que corresponden a este centro; axilizar as citas para o médico de cabeceira; baixas e vacacións non cubertas; cobertura da terceira praza de pediatría; e falta de medios na unidade de saúde mental.

mariquita mimosa

Ropa infantil
Bordados
Confección a medida
Servicio de tintorería

CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6
PONTEAREAS

mariquitamimosa@hotmail.com
986 182 659 - 656 860 074

TRIFOLIUM INGENIEROS

Gestiones catastrales
Mediciones
Inventario de bienes
Partición de herencias-Sucesiones
Informes periciales
Proyectos agrícolas y ganaderos

653 047 430 - 886 216 505
C/ Alcalde Daniel Ojea, 10 B.J. Ponteareas

TALIER

SALÓN

Alfonso Vázquez Fraile, 5 B.J. PONTEAREAS
CITA PREVIA ☎ 986 641 579
peluqueriatallermt@gmail.com

PONTEAREAS

Campaña “Detecta e Actúa”

O Concello reuniuse coa comunidade educativa dos centro públicos e concertados, o conservatorio municipal e as educadoras sociais do Programa de Emerxencia Social e Inclusión para convocar a Mesa Sociosanitaria co obxectivo de dar continuidade á campaña “Detecta e Actúa”, deseñada en colaboración coa Subdelegación do Goberno e a U Vigo, unha iniciativa centrada na prevención e detección da violencia de xénero entre a poboación máis nova.

O encontro serviu para realizar un diagnóstico da realidade local e definir liñas estratéxicas de actuación que permitan avanzar de



maneira decidida cara á erradicación desta lacra social. Entre estas iniciativas estarán a redacción dun protocolo específico de actuación para a infancia e a mocidade, a Escola de Nais e

Pais, creada no marco do programa “Apóiamos educando”, dirixido a familias en risco de exclusión social; e a implantación de dinámicas de detección nos centros educativos.

Ximnasio para Pardellas

O Concello está a executar o proxecto “Mellora das instalacións deportivas e accesos ao Campo de Fútbol Municipal de Pardellas”, unha actuación que supón un investimento total de 48.397,94€, financiados con fondos propios municipais e a través do Plan +Provincia da Deputación.

Entre as actuacións destacan a transformación dun espazo baleiro nun ximnasio, integrado no complexo deportivo de Pardellas, así como a mellora interior da



sala de trofeos, lavandería e ximnasio, instalando un falso techo

con iluminación LED e substituíndo cristais deteriorados.

1.000€ en premios para disfraces de Entroido

Juan Carlos González Carrera, tenente de alcaldesa e concelleiro de Cultura, informou da apertura do prazo de inscrición no concurso de disfraces de Entroido para adultos que terá lugar o 16 e febreiro na Praza Maior e que repartirá un total de

1.000€ en cinco premios, correspondendo ao primeiro premio 400€. O concurso de disfraces infantil será tamén ese día con premios por valor de 500€. En caso de choiva trasládanse todos os concursos ao auditorio municipal.

No caso do desfile de comparsas, o Concello destina un orzamento de 12.000€. Co obxectivo de poñer en valor a tradición oral do Entroido, incentivarase a interpretación de coplas cun premio de 200€.

Melloras na Casa Cultural de Paredes



O Concello executa obras de acondicionamento na casa dos veciños de Paredes, concretamente nos baixos do palco das festas, uns traballos realizados polo persoal municipal. Entre as actuacións destacan a instalación dunha

nova cociña, necesaria para o desenvolvemento das actividades sociais e culturais da parroquia, en especial a Festa Gastronómica do Porco. Así mesmo, realizáronse traballos de pintado no palco das festas, mellorando o seu estado e imaxe.

Nova andaina para a Aula CEMIT 2026

O Concello presentou as novidades para o ano 2026 da aula CEMIT ao tempo que lanza os cursos dirixidos a todos os grupos de idade, innovadores e variados. Neste sentido se permitirá o acceso e uso libre no Centro de Emprendemento da Praza Maior e novos cursos como o de Estimulación Cognitiva para maiores de 55 anos, o de iniciación ao correo electrónico, iniciación in-



formática, telegram, whatsapp, Google Business e robótica para nenas e nenos de 7 a 14 anos de idade.

Desbroces e limpeza

A Concellería de Desbroces dirixida por Domingo Freitas, e a Concellería de Medio Ambiente, que dirixe Silvia Fdez. Táboas, supervisaron os traballos de desbroce, poda e limpeza no regato da Venda.

Igualmente se están realizando obras de desbroce nas parroquias de Xinzo e Bugarín, así como a limpeza de tramos da N-120 propiedade municipal dende a corna do cruce de Ribadetea ata o Barral



CONDADO/PARADANTA

Nova Oficina de Turismo e Portal do Corpus

A través dun investimento de 400.000€ dentro da iniciativa da Área de Rehabilitación Integral (ARI), o Concello vén de impulsar o proxecto de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar catalogada no inventario de bens patrimoniais situada na rúa Recuncho da Praza Vella co obxectivo de adaptala para acoller a nova Oficina de Turismo municipal e o Portal do Corpus Christi. Para este fin abriu un proceso de licitación urxente.

Trátase dun edificio de dúas plantas —planta semisótano e planta baixa— con fachada de pedra granítica encaixado no tecido tradicional do casco histórico. A intervención permitirá recuperar



o esplendor orixinal do inmobile, respectando os seus valores arquitectónicos e patrimoniais, ao tempo que se lle dota dun novo uso público.

Tal e como informou a concelleira de Urbanismo, Silvia Fdez Táboas, o proxecto propón destinar a planta baixa a Oficina de Turismo,

mentres que a planta semisótano se converterá no Portal do Corpus, importante durante a tempada de elaboración das alfombras florais. Fóra dese período, este espazo funcionará como pequeno museo do Corpus Christi, permitindo a súa visita ao longo de todo o ano.

Viaxe ao Corpus de La Orotava

O Concello reforza as súas relacións de irmandade coa vila canaria de La Orotava e, por vez primeira desde a concreción desta irmandade en 1983, ofrece ás veciñas e veciños de Ponteareas a oportunidade de viaxar de xeito organizado entre o 9 e 15 de xuño para participar nas espectaculares celebracións do Corpus Christi nesa vila xunto coa delegación alfombreira.

La Orotava celebra o seu Corpus xusto ao remate do Corpus Christi



de Ponteareas, unha coincidencia no calendario que reforza os lazos culturais e emocionais entre ambas

localidades. Dende entón, La Orotava elabora unha impresionante alfombra de areas do Teide ao pé da igrexa de San Miguel, mentres que as e os alfombreiros ponteareáns crean unha alfombra floral de Corpus aos pés da igrexa de Nosa Señora da Concepción.

A viaxe está organizada polo Concello e a axencia Barceló e inclúe excursións ao Teide, os acantilados de Los Gigantes ou distintos parques naturais, entre outras propostas.

Máis persoal na Policía Local



O Concello celebrou a toma de posesión dun novo axente da Policía Local, co obxectivo de reforzar a seguridade cidadá e mellorar

a calidade do servizo público. Na actualidade, a Policía Local de Ponteareas está composta por 13 axentes, 1 auxiliar, 1 oficial e 1 oficial xefa.

Mobilidade peonil na EP-4001

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou a adxudicación por valor de preto de 660.000 € da mellora da mobilidade peonil na estrada provincial EP-4001, Ponteareas-Guillade. A actuación abrangue un tramo de 900 me-

tros, que se sitúa entre o IES Pedra da Agua e a parroquia de Fontenla. Trátase dun tramo que, a pesar de ser considerada estrada rural, atópase nunha contorna urbanizada e con edificacións nas marxes.

Feira de Oportunidades

O Concello celebrou unha nova sesión da Mesa de Comercio Local na que se concretou a realización da Feira de Oportunidades, que terá lugar o 28 de febreiro. Neste

sentido, o concelleiro de Comercio, Ricardo González, está coordinando as iniciativas a realizar co comercio local en torno a esta actividade.

AREAL MADEIRAS

986 64 25 95 - 626 686 277
arealmadeiras@gmail.com
arealmadeiras.com

SOLUCIÓNS EN MADEIRAS E DERIVADOS

acero+
imprenta • publicidade • web

A túa imprenta textil

604 08 43 68
PONTEAREAS
www.aceroplusdigital.com

GLITTER
Tu tienda especializada en
PATINES
ACCESORIOS, RECAMBIOS
Y COMPLEMENTOS
MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.

C/ Virgen de Los Remedios, 16
PONTEAREAS
glittercb2016@gmail.com

Tlf. 986 17 78 63
645 38 96 68

Síguenos
f i

Erovás
COMPLEMENTOS
MUJER Y HOMBRE

Avda. Constitución, 10
36860 Ponteareas
986 066 918
maricarmenerovas@gmail.com

Restaurante O'Rianxo
35 años a su servicio

Terraza de verano interior
Ctra. N-120
Vilasobroso - Mondariz
Telf.: 986 654 434
Móvil: 631 997 556

milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA
986 66 79 13 - Carballos, 10 - Ponteareas
milfollas@mundo-r.com

Rosa María Covelo Alonso | Promotora do proxecto “Aloumiños da Terra”

“O medio ambiente e o rural non se deben desatender”

Licenciada en Bioloxía, especializada en Educación Ambiental, Rosa María Covelo Alonso foi a gañadora en 2025 do XIII Programa de Apoio a Empresas Agroalimentarias realizado pola Fundación Juana de Vega a través do seu proxecto “Aloumiños da Terra” e a súa marca do “allo negro”, un relevante antioxidante. Destacan tamén a súa

experiencia profesional como técnica de medioambiente no Concello de Ponteareas; como directora do parque do Sobroso, observadora científica en buques de pesca e guía nos parques naturais do Aloia, Corrubedo e Illas Atlánticas. É tamén unha das impulsoras da agrupación de voluntariado medioambiental VOLTEA Condado.

O teu emprendemento “Aloumiños da Terra” vén de gañar o premio principal do XIII Programa de Apoio a Empresas Agroalimentarias da Fundación Juana de Vega. Que nos podes falar deste proxecto?

“Aloumiños da Terra” leva xa sete anos dende a súa creación en 2018. Nese momento era técnica de Medio Ambiente no Concello de Ponteareas e saíu o curso de agricultura ecolóxica, o cal reforzou a miña vocación emprendedora. En 2015 fun a vivir ao rural, rehabilitando a casa dos meus avós paternos, e nese terreo de 2.000m2 na parroquia de Areas

comecei cos primeiros pasos deste proxecto. Posteriormente cando xurde “Aloumiños da Terra”, empezamos tres persoas e, desde 2022, quedei eu soa con este emprendemento. Prácticamente foi como volver a empezar.

O “allo negro” tense constituído nunha especie de “marca estrela” deste proxecto. Por qué?

Eu entendía que cada quen cultivaba de todo pero tamén pensei que tiña que cultivar algo que me diferenciara do resto. Comecei este 2025 o proxecto coa Fundación Juana de Vega e foi aí cando empecei a falar deste “pro-

ducto estrela” que teño na miña horta e a súa transformación en “allo negro”.

Pero estás xa comercializando?

Estamos aínda traballando no empacado e ata non ter completado todo o proceso non irá ao comercio, tendas, restaurantes, particulares.

Como está sendo a receptividade a esta iniciativa por parte dos actores institucionais?

É verdade que a Fundación Juana de Vega dache visibilidade, así como o Programa Labranza.

Tes en mente ampliar o radio de emprendemento?

Estamos traballando nunha marxe de cinco anos. Pero teño pensado tamén ampliar a superficie de plantación do allo.

Contas cunha importante traxectoria en materia medioambiental. Como observas as políticas ecolóxicas que se están levando a cabo a nivel comarcal?

Creo que hai que ‘mollarse’. Dende o meu punto de vista creo que ao tema ambiental, como non é visible ata que realmente suceda unha catástrofe, non se lle presta demasiada atención. A parcela medioambiental e o medio rural non se deben desatender porque ao final nos inflúe en



É moi bonito cando se fala de “vente a vivir ao rural”. Pero non nos facilitan nada.

todo. Estamos nun momento bastante crítico a nivel medioambiental co tema do cambio climático e temos que facer un esforzo para que non nos afecte demasiado.

E no caso da concientización cidadá sobre o medio ambiente, ves avances ou retrocesos?

Entendo que cada vez hai unha maior concientización. Observo esta percepción no meu cliente final, moi sensibilizado coa protección do medio rural. Por iso se decanta por este tipo de produtos que nunca van utilizar químicos, co cal é beneficioso para a nosa saúde e o planeta.

Cres que as campañas son efectivas? Hai axudas suficientes para o rural?

É moi bonito cando se fala de “vente a vivir ao rural”. Pero non

nos facilitan nada. Moita xente comeza emprendendo no rural pero ao final o deixa á metade do camiño porque é moi complicado. Tes que ter as infraestruturas, algo tan básico como a conexión WiFi para poder traballar dende casa. Tes que ter servizos, transporte. Despois está o tema dos terreos, onde hai un abandono importante.

Formas parte dalgunha organización do rural?

É importante sinalar que practicamente todos os agricultores do Sur da provincia de Pontevedra estamos en moita comunicación e nos axudamos todos. Temos creado a Asociación A Gavela, que conta cun sistema participativo de confianza. Nos preocupamos de como se cultiva e se trata ao solo.



papelón con LIMÓN
BRUNCH & BAR

BRUNCH
TOSTAS
TAPAS
AREPAS
BURGERS

Rúa Reveriano Soutullo, 7
36860 Ponteareas, Pontevedra
www.papelonconlimon.es

623 530 294

Marco Avendaño
Quiromasajista

MASAJISTA DEPORTIVO

C/ Vidales Tomé, 15 - 2º A - PONTEAREAS
CITA PREVIA NO 644 930 005

CENTRAL AGRICOLA
PONTEAREAS, S.L.

Agro - Jardín - Ferretería

comercialareas@hotmail.com
986 66 11 91 - 629 52 24 18
Areas Picoto 36861 - Ponteareas

MISCELANEA

A Xunta abandona a Mondariz en materia de vivenda

Alternativa por Mondariz (AporM) criticou que o goberno de Alfonso Rueda non construíra na vila ningunha das 2.286 vivendas proxectadas ata o 2028. Indicou que desde 2003-04, a Xunta non constrúe vivendas de promoción pública en Mondariz, con especial problemática para as familias en situación de vulnerabilidade.

AporM explicou que na actualidade existen dous edificios de vivendas sen rematar en venda na Avenida de Portugal, que provocan un mal efecto estético así como varias casas entre media-



neiras, diante da Casa do Concello ou na rúa Concepción Arenal, que se atopan deshabitadas e

en estado de abandono e que poderían ser aproveitadas para vivenda.

Medra a natalidade en Covelo

O Alcalde Juan Pablo Castillo Amigo deu a benvinda oficial aos 7 bebés nados en Covelo ao longo do ano 2025. Durante o encontro, as familias recibiron como agasallo unha cesta con artigos para o coidado dos bebés, así como unha camiseta personalizada de benvinda.

O Concello amosa o seu compromiso co apoio ás familias e á natalidade no rural. O Alcalde lembrou a axuda de 500€ para cada fillo ou filla nado ou adoptado así como a liña de axudas para libros de texto e material escolar, dirixida ao alumnado de Educación Infantil do CEIP Antonio



Blanco, cun importe de ata 100€ por alumno/a, ampliable a 125€

en familias numerosas ou con discapacidade.

Charla sobre a IXP Castaña de Galicia

O Auditorio Municipal de Covelo acolleu unha charla informativa sobre a Marca de Calidade IXP Castaña de Galicia, unha iniciativa destinada a dar a coñecer o valor, a protección e as oportunidades

que ofrece esta indicación xeográfica protexida para o sector castiñeiro galego. Esta actividade contou co apoio da Xunta, o Goberno de España e o cofinanciamento da Unión Europea, no marco das axudas FEADER.

Autorizan acceso a expedientes en Mondariz

O pasado 12 de xaneiro o Alcalde de Mondariz Pablo Barcia comunicou por escrito a AporM a autorización concedida pola Valedora do Pobo, Dolores Galiño, para acceder a 14 expedientes, solicitados por escrito de forma rei-

terada principalmente desde mediados de 2025. AporM acusou ao Alcalde de "silencio administrativo", "respostas parciais ou incompletas" e "obstaculización material do acceso formalmente concedido".

Balneario aborda a Lei do Patrimonio Cultural

O Concello de Mondariz Balneario, en colaboración coa UNED de Pontevedra, organizou na Casa da Cultura o 5 de febreiro unha Xornada sobre as recentes modificacións da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia realizadas a

través da Lei de acompañamento dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2026, e xa vixentes dende o un de xaneiro deste ano. Na xornada participaron relevantes especialistas representantes do Sector Público e de diferentes institucións.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Colexio Pluriligüe LA INMACULADA

Dende 1905 en Pontearreas

Premio 2017 á Excelencia Educativa

Aula matinal de 7:30 a 9:00
Comedor escolar
Actividades Extraescolares

Teléfono 986 640 065
www.colexioinmaculada.com

Aberto prazo de solicitude de matrícula
Do 1 ao 30 de marzo

PROGRAMA ERASMUS PARA O PROFESORADO
INTERCAMBIOS ERASMUS+ PARA O ALUMNADO

Erasmus+

A CAÑIZA

O Miradoiro de Montouto, estratéxico para o turismo

O Alcalde Luís Piña visitou o Miradoiro do Montouto, unha actuación recentemente finalizada que reforza a oferta turística, paisaxística e ambiental do municipio e que se sitúa nun dos emplacements máis singulares e estratéxicos do territorio.

A obra, adxudicada á mercantil Construcciones Castro Figueiro SLU, contou cun investimento de 89.185,46€ financiado ao 100% cunha axuda de 59.185,46€ da Deputación, a través do Plan + Provincia 2025 e unha segunda subvención de 30.000€ de Turismo de Galicia da Xunta, ao abeiro



das axudas TU503D destinadas a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas.

Campaña solidaria UNIRAID 2026

O Alcalde da Cañiza Luís Piña presentou a campaña solidaria UNIRAID 2026 xunto con Brais e Junior, veciños e integrantes do equipo "Terra Xamón", participantes deste raid solidario internacional e promotores da campaña de recollida de material solidario posta en marcha no municipio.

A proba, na que participan máis de 150 equipos, desenvolverase do 7 ao 14 de febreiro de 2026, ao longo dun percorrido duns 3.000 quilómetros por Ma-



rrcos, dividido en seis etapas electrónicas, empregando vehículos de máis de 15 anos sen tracción 4x4.

O balonmán cañicense na División de Honor Prata Feminina

O Alcalde da Cañiza, xunto co presidente do Club Balonmán Cañiza, Marcos Estévez, e o adestrador Ismael Lago, presentaron ao equipo Sénior Feminino que viaxou a Leganés (Madrid) para competir na

División de Honor Prata Feminina.

Piña reiterou o firme compromiso do Concello co deporte local, destacando nesta ocasión a consecución de preto de 1.500,00 € en achegas de empresas privadas da Cañiza que, como SAEPLAST,

Galimetal, Transportes González, Specialty Marine Products And Ventures, Reciclados Plásticos A Cañiza, Queixos "Castro Xaneiro", Área de Servicio Cañiza e Os do Resero, teñen contribuído co balonmán feminino.

A Cañiza e Melgaço visualizan a Eurocidade do Miño



O Alcalde Luís Piña realizou o, 21 de xaneiro, unha visita oficial a Melgaço para manter o primeiro encontro institucional co novo presidente da Cámara Municipal, José Albano Domínguez, recentemente elixido tras as eleccións municipais portuguesas do pasado 12 de outubro de 2025.

Ambos Alcaldes coincidiron na importancia de manter unha

líña de cordialidade, diálogo e traballo conxunto, continuando a senda de cooperación institucional desenvolvida nos últimos anos. Destacan entre os proxectos conxuntos o avance da Eurocidade do Miño, que aspira a converterse na quinta eurocidade da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal integrando aos concellos de Arbo, As Neves, Crecente, A Cañiza e Melgaço.

Convenio A Cañiza-SOGAMA ata 2030

O primeiro pleno municipal de 2026 no Concello da Cañiza tivo coñecemento do convenio de xestión de biorresiduos con SOGAMA, posto en marcha en decembro pasado cunha vixencia ata 2030. Esta medida suporá un importante aforro económico para o Concello.

Por outra banda, o pleno aprobou por unanimidade a participación do Concello no Club de Produto Turístico da Lamprea, un recurso gastronómico de promoción turística para o Condado-Paradanta. Entre outras medidas oficializouse a toma de posesión de Sonia Álvarez Ges-



teira como concelleira da Corporación municipal, en substitución de Cristian Gómez Mariño así como o nomeamento dos representantes e substitutos do Concello nos Consellos Escolares dos centros educativos do municipio.

Ferretería

Julio Pérez Giraldez

Tel/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
julloperezgiraldez@hotmail.com

C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.

REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO

POLLOS POR ENCARGO

DROGUERÍA

FERRETERÍA

JARDINERÍA

BEBIDAS

SULFATOS

INSECTICIDAS

BUTANO

VENTA DE PLANTAS

DISTRIBUIDOR OFICIAL: Blona de houx

C/ MEROUDES Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 218 / 649 449 459

Carlos PELUQUERO

Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

MISCELANEA

Por Alberte Reboreda

Troncoso, Trancoso e o rei Don Dinís de Portugal

O pasado domingo, 1 de febreiro, celebrouse no barrio do San Pedro a terceira edición da Festa do San Brais, organizada pola Asociación Cultural Penedo das Pedras e o Concello de Mondariz Balneario. A propósito dela lin nos medios de comunicación que os manxares que alí se serviron (castañas cocidas con cacheira e chourizo) xa eran degustados polo rei Don Dinís de Portugal (1261-1325), en referencia á suposta voda que o tería unido á Raíña Isabel de Aragón na capela de Troncoso, barrio do concello de Mondariz ata o ano 1924.

Este falso histórico xorde no ano 1917, data da publicación dun artigo anónimo na revista Mondariz, dando por certa a

voda en Troncoso (Mondariz) destes dous monarcas. Desde entón esta invención — que non lenda — sen base histórica algunha tense repetido en múltiples ocasións sen achegar probas documentais que a sustenten. Esta tese ten como única base o parecido gráfico e fonético entre Trancoso (a vila medieval portuguesa que se localiza a 37 km ao norte da vila de Guarda, onde os esposos, efectivamente, contraeron matrimonio por poderes en 1282) e o lugar de Troncoso (hoxe Mondariz Balneario).

Tan suxestiva era a idea de que esta voda histórica tivese lugar nas proximidades do Balneario de Mondariz, que Enrique Peinador Lines, fillo do fundador da vila de augas, pretendeu que as vidreiras da



Fonte da Gándara, “representasen la boda del rey portugués D. Dinís con la infanta Isabel de Aragón, la «rainha santa», en Troncoso”, afirma Pérez Sánchez (2005)

na súa tese de doutoramento. As dificultades económicas impediron esta e outras pretensións do proxecto orixinal, redactado por Antonio Palacios.

A figura de Isabel de Aragón ou de Portugal, que peregrinou a Santiago desde Coímbra en dúas ocasións, interesou tamén a Ramón Cabanillas, responsable da revista Mondariz e do semanario La Temporada en Mondariz entre 1922 e 1929. Con todo, o poeta de Cambados nunca ousou relacionar á “Rainha Santa” coa capela de Troncoso de Mondariz Balneario, co castelo de Sobroso ou co santuario da Franqueira xa que, ata hoxe, non se coñece documentación histórica que o acredite.

Os meus parabéns aos organizadores — en particular a Luís Bouza — por recuperar unha festa popular tan entrañable que non necesita de boatos nin infundios históricos para xustificar a súa celebración.



Por Isidoro Gracia

Sobre o IRPF das pensións, de novo

Como cada vez que se revisan as pensións, en foros e páxinas de xubilados e pensionistas aparecen demandas e propostas que reclaman a eliminación do IRPF delas, este ano sumáronse ao coro múltiples artigos de “expertos” no tema, a maioría a soldo de entidades bancarias e aseguradoras e outras empresas xestoras de fondos de pensións de distinto e variado tipo, ata hai pouco o obxectivo era vender sistemas de capitalización en competencia co actualmente sistema público en vigor de repartición, ultimamente está de moda propoñer solucións mixtas, que para evitar as malas opinións que merecen as experiencias de capitalización que preséntanse como “nacionais”, pero que funcionan moi parecido ás de capitalización, pero solucións para as que piden desgravacións fiscais no IRPF, é dicir algo moi parecido á proposta de eliminación do IRPF das pensións con outra presenta-



ción mais vendible, pero quedemos na análise de que supón eliminar o IRPF das actuais pensións.

1 - A QUEN BENEFICIA?

Soamente ás pensións mais altas, que son o 26 % (ano 2025) dos case 10 millóns de pensións existentes.

2 - A QUEN PREXUDICA?

En principio a todos os das pensións máis baixas, xa que retiraría recursos da sanidade, os servizos sociais (que son algo máis das viaxes de IMSERSO), a seguridade pública e todo aquilo que sexa de acceso universal dos que este sector é beneficiario preferente, tendo en conta as súas limitacións económicas. É evidente que impacta na educación, a vivenda pública, as relacións exteriores, corrección de desigualdades como a pobreza enerxética, etc. que afecta á totalidade da poboación pero sobre todo aos máis vulnerables. Iso é así porque a principal fonte de financiamento de toda prestación ou servizo público é o recadado polo IRPF.

3 - PORQUÉ O COLECTIVO CON PENSIONES BAIXAS É O MÁIS PREXUDICADO?

O mínimo exento de pago do IRPF de 2026 é de 15.876 €, a inmensa maioría de pensionistas están no grupo de contribuíntes cuxos ingresos anuais non alcanzan esa cantidade, que supón que non teñen que pagar nada polo IRPF, polo que a posible eliminación reclamada para os pensionistas non produciría ningún aumento nos seus ingresos.

4 - É CERTO O ARGUMENTO DE QUE NON É LEGAL EN EUROPA?

Este argumento é absolutamente FALSO, é máis d'acordo con a normativa da U.E. todos os estados membros poden establecer un IRPF, con idénticas fontes suxeitas a el. Salarios, pensións, alugueiros, dividendos, intereses, actividades agrícolas ou comerciais, actividades artísticas ou deportivas, rifas, etc. é dicir todo tipo de ingreso anual.

5 - EXISTE UNHA DOBRE IMPOSICIÓN SOBRE AS COTIZACIÓNS Á S.S.?

A realidade é que cando se realiza a declaración anual ditas cotizacións serán gastos deducibles dos rendementos do traballo, de conformidade co artigo 19,2 da LIRPF O artigo 19,1 da LIRPF sinala o seguinte: «1. O rendemento neto do traballo será o resultado de diminuír o rendemento íntegro no importe dos gastos deducibles. Así pois non é posible argumentar que ninguén sufriu impacto algún do IRPF sobre as cantidades que durante a nosa vida laboral que nós ou os nosos empregadores achegamos como cotizacións á S.S.



Servizos técnicos forestais
e obra do rural



Azorín, 9 Estudo - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

RESTAURANTE
Pizzeria

SAN MARTÍN
desde 1994

Avda. Ciclista Delio Rodríguez, 10
36860 PONTEAREAS
sanmartinrestaurante@gmail.com

Telf.: 986 640 211
Móvil: 629 614 508

O BNG denuncia o acordo UE-MERCOSUR

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda, salientou na Eurocámara o impacto negativo das decisións da UE sobre os sectores produtivos galegos, principalmente o agro-gandeiro, tanto polos recortes como polo mal uso dos fondos europeos.

Miranda destacou igualmente a “vitoria” que supón a aprobación da resolución que pide que o Parlamento Europeo traslade o acordo da UE-Mercosur ao Tribunal de Xustiza Europeo. O Parlamento Europeo aprobou con 334 votos a favor, 324 en contra e 11 abstencións trasladar este acordo ao Tribunal de Xustiza Europeo para que ditamine se é compatible



cos tratados europeos. Miranda explicou que o acordo marco quedará en suspenso mentres non decida o Tribunal.

O BNG leva a Bruxelas o accidente de Adamuz

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda demandou ante a Comisión Europea diversas cuestións relacionadas coas medidas de seguridade ferroviaria ao fío do accidente de Adamuz ocorrido o pasado 18 de xaneiro e se abrirá expediente de infracción para o goberno español. Aproveitou para criticar igualmente a actitude do PP durante o accidente de Angrois en 2013.

Por outra banda, Miranda reclamou a flexibilización do regulamento de control pesqueiro e acusa á CE do PP de “destrózar o sector pesqueiro galego”.

FITUR Screen 2026: turismo e audiovisual

O deputado de Turismo Jesús Vázquez Almuíña, presentou á provincial de Pontevedra no stand da Spain Film Commission situado en FITUR como destino atractivo para producións audiovisuais e rodaxes cinematográficas, con especial atención no posicionamento das Rías Baixas como un territorio competitivo.



Subvención de 14.000€ para “Ponte...nas Ondas!”

O Ministerio de Cultura, a través do Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) outorgou á Asociación Cultural e Pedagóxica “Ponte...nas Ondas!” (PNO!) unha subvención de 14.032,25€ polo seu proxecto de patrimonio

inmaterial galego. “PNO!” está incluído no Rexistro de Boas Prácticas de Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO, sendo o único de carácter transfronteirizo entre España e Portugal.

“Rosalía, a súa casa, o meu lar”

A Deputación de Pontevedra abriu o prazo para que os centros escolares da provincia soliciten participar no programa “Rosalía, a súa casa, o meu lar”, unha iniciativa impulsada en

colaboración coa Fundación Rosalía de Castro na que se organizarán ata 40 visitas escolares á súa Casa-Museo en Padrón. O proxecto conta cun onvestimento de 31.500 euros.

Por Xosé-Bieito Coello

O principio do fascismo

Parece que pouco a pouco, algúns xornalistas empezan a sacar artigos onde se aprecia un intento para que a opinión pública se poña en garda contra actitudes que permítense en países democráticos, aínda que acarreen un perigo inmenso.

En xeral, en Europa, os partidos que proclaman consignas fascistas, aínda non teñen poder dabondo para poñelas en práctica, e a maioría das veces as persoas que as predicán e os métodos que utilizan disfrazázanse con pel de ovella. Mais se miramos ó que xa está acontecendo nos EEUU, é para votarse a tremer, e iso nun país que se di curtido na democracia e que foi exemplo en moitos aspectos, e onde o Presidente actual gañou lexitimamente unhas eleccións.

Este Presidente na política que exerce, parécese cada vez máis a Hitler, e por riba non trata de ocultalo. Citarei algúns exemplos: crea unha falsa paz en Palestina sen contar cos palestinos, despois de darlle todo o armamento que quixo Israel e permitirlle o maior xenocidio do século XXI, que aínda que estaba precedido dunha salvaxe actuación de Hamás, este feito tiña algunha xustificación por como tiñan sometidos os xudeus ós palestinos. Tódolos países do mundo que non acepten as súas consignas son os seus inimigos e para intimidalos utiliza o exército, a CIA, os aranceis, ou intervén nas eleccións de eses países financiando ós candidatos afíns, ou prometéndolle subvencións, se gañan os seus amigos. Despreza, suprime, ou baixa a súa participación en tódolos

organismos internacionais: ONU, UNESCO, OMS, Asociación para reducir os efectos do clima, etc. Ataca países como Irán con falsas desculpas. Como os piratas, aborda e rouba a carga de petroleiros e funde pequenos barcos cos seus tripulantes dentro, coa desculpa de que transportan drogas, saltando todas as leis. Secuestra dirixentes de países co argumento de que son dirixentes corrompidos, e posiblemente o sexan, aínda que o mesmo tempo apoia a outros, moito máis corruptos. Intenta apoderarse de comunidades autónomas sen ter en conta a opinión adversa dos seus habitantes nin a orde mundial. E xa, o que é o colmo, apoia con moitos cartos ó ICE, -unha especie de Xestapo- no propio EEUU, para encadear e meter en algo semellante a un campo de concentración, ou expulsar do país, á xente que detén pola rúa, ou na súa propia casa sen orde xudicial, e moita xa coa nacionalidade do

Estado, simplemente por ter a pel escura, ou sospeitar que non é norteamericana.

Pois todo isto moita xente aínda o aplaude, e nalgúns lugares como Arxentina triunfa, e en España tamén se lles ve as intencións os seus adeptos. Así que non so a esquerda senón tamén o centro-dereita democrática, deberían facer unha piña internacional para librarnos dese perigo que non é nin mais nin menos que librarnos do fascismo. Ninguén debería esquecerse que o fascismo non entrou en Alemaña por un golpe de Estado, gañou unhas eleccións, e despois dende o poder, Hitler conduciu os alemáns a un desastre total. Agardemos, que no propio EEUU, polo ben da humanidade, onde hai aínda moitas institucións democráticas, superen este período negro da súa historia canto antes.



PINTURAS

BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

LIMPIEZAS

PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

LOURINHA

O PORRIÑO

30.000€ para as traídas veciñais

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, acompañou á conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, nunha visita institucional á Comunidade de Usuarios de Atios no marco das axudas autonómicas destinadas ás comunidades de augas veciñais.

Atios e a Comunidade de Augas San Xurxo de Mosende recibiron 15.000€ cada un para a mellora das instalacións, protección e instalación de contadores de auga. Vázquez destacou que este pri-



meiro semestre a Xunta porá en marcha novas liñas de axudas nesta materia por un importe de 9,3M€.

O CIM terá novo local



O Concello do Porriño vén de asinar un convenio urbanístico que permitirá a construción de vivendas en réxime de alugueiro na contorna da rúa Antonio Palacios – Avenida de Galicia e, ao mesmo tempo, incorporar ao patrimonio

municipal un novo local de 400m2 destinado a Servizos Sociais, particularmente ao CIM e ás axudas a familias. O investimento ronda os 400.000€, cunha importante achega por parte da Xunta.

O Camiño na Lei do Patrimonio Cultural

O Concello do Porriño poderá levar a cabo novas actuacións e melloras no Camiño de Santiago ao seu paso polo municipio de forma máis áxil e sinxela gracias ás modificacións introducidas na Lei do Patrimonio

Cultural. Estas reformas permitirán simplificar trámites e reducir a burocracia, facilitando a execución de pequenas obras que melloren a seguridade, a accesibilidade e o aspecto do itinerario xacobeo. Entre as actuacións máis

destacadas, o Alcalde Alejandro Lorenzo referiuse á reparación dunha ponte ou á mellora dunha rúa no barrio de San Sebastián, ambas situadas no itinerario do Camiño

En marcha o PIE 2025-26



O Multicentro de Torneiros foi o lugar de celebración da xornada de presentación do Programa Integrado de Emprego (PIE), dirixido ao alumnado que inicia próximamente a súa participación.

O PIE conta cun investimento total de 275.000€, dos cales o 80% son achegados pola Xunta e o 20% restante polo Concello do Porriño. A iniciativa estase a desenvolver durante 12 meses, desde outubro de 2025 ata ou-

tubro de 2026, e permitirá formar a 100 persoas desempregadas.

O obxectivo de inserción laboral establecido pola Xunta sitúase nun mínimo do 42%. A formación está orientada para o emprego, técnicas de coaching e intelixencia emocional, obradoiros de habilidades sociolaborais, preparación de entrevistas, fomento do emprendemento, prospección empresarial, intermediación laboral e prácticas non laborais.

O BNG do Porriño pide “unidade para defender o futuro ante ADIF”

O voceiro nacionalista Pedro Pereira considerou como prioritaria “a defensa dun proxecto ambicioso de soterramento da vía do tren para O Porriño”, un aspecto que debe contar cunha “posición conxunta libre de intereses partidistas”. Indicou igualmente que a necesidade de abrir o debate da modificación do PXOM para adecualo a novos usos urbanísticos”.

Considerou a actual parálise na execución do proxecto actual como “unha oportunidade para impulsar con esta obra o desenvolvemento urbanístico que a vila merece”. Nos últimos estudos encargados



polo Ministerio de Fomento e ADIF, o Goberno do Estado valoraba soterrar un pequeno tramo de vía ferroviaria. Eliminaría o paso a nivel, pero mantería a barreira que provoca o paso do tren polo centro da vila. “É unha solución

parcial que defenden tanto PP como PSOE” considerou Pereira, quen tamén lembrou que o PP “botou en contra dunha moción do BNG que reclamaba o acordo plenario en xullo de 2024 dun soterramento maior da vía do tren”.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Bodas - Comunións
e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404
info@restaurantemanolo.es
Antonio Palacios 101
A52 - Salida 305 - PORRIÑO

Manolo
RESTAURANTE

Nova licenza para o Celta 360

A Xunta de Goberno Local do Concello de Mos aprobou a concesión dunha nova licenza urbanística para a execución das obras de explanación correspondentes á fase 3.2 da etapa I do Proxecto de Interese Autonómico (PIA) da Factoría do Deporte Galego – Celta 360, promovido polo Real Club Celta de



Vigo.

Deste xeito, o promotor poderá iniciar as obras baixo o control arqueolóxico e as condicións impostas pola Xunta, que inclúen a documentación, protección e traslado dos elementos patrimoniais recuperados, así como o seguimento técnico durante os movementos de terras.

Eficiencia enerxética integral

O Concello de Mos avanza na posta en marcha dun proxecto integral de eficiencia enerxética e modernización da iluminación pública nas súas 10 parroquias e edificios municipais. Está previsto levar o proxecto a pleno municipal o vindeiro mes de abril para a súa licitación.

O proxecto contempla a subs-



titución de 7.000 luminarias actuais por tecnoloxía LED de alta eficiencia. De forma paralela, levarase a cabo a renovación de 600 quilómetros de cableado eléctrico asociado á iluminación pública e a actualización de 220 cadros de mando, que incorporarán sistemas máis seguros, eficientes e preparados para a telexestión.

O BNG do Porriño denuncia “a privatización das novas escolas infantís”

Os nacionalistas do Porriño indicaron que “o goberno do Alcalde Alejandro Lorenzo aposta pola privatización das dúas novas escolas infantís”

que “non estarán dentro da Rede Galega Galiña Azul”. Indicaron que “no Concello, habendo preto de 800 nenos/as de 0 a 3 anos, cubríanse tan só o 15%, menos da

metade da ratio de prazas públicas recomendadas pola UE. Nos últimos anos, moitas familias quedaban sen praza cada curso escolar pola insuficiente oferta pública”.

Reforzando a orientación profesional

O Concello do Porriño incorporou a tres novas técnicas na área de servizos de orientación e inserción laboral. Son os casos de Lucía

Novoa, Iria González e Ximena Correa, as dúas primeiras graduadas en Traballo Social e a terceira en Educación Social, que realizarán este labor durante un ano.

O proxecto conta cun cofinanciamento de 67.657,32€ por parte da Deputación de Pontevedra no marco do programa Máis Emprega.

Os orzamentos máis altos da historia de Mos

Trala súa aprobación inicial no pleno ordinario do 1 de decembro de 2025, o orzamento do Concello de Mos para o exercicio 2026 quedou definitivamente aprobado unha vez rematado o prazo legal de exposición pública. As contas municipais ascenden a 15.885.675,48 euros, o maior orzamento da historia do municipio. Tras esta aprobación, o Concello poderá optar a máis de



17M€ doutras administracións, grazas á colaboración institucional coa Xunta e a Deputación de Pontevedra.

Regulamento Orgánico para “Mos Decide”

Tralo éxito da primeira edición, o Concello avanza en febreiro na apertura do prazo de inscrición do segundo proceso de concreción de orzamentos participativos para entidades do tecido asociativo mu-

nicipal. Para consolidar este modelo participativo, o Concello traballa na aprobación do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá, que pretende levar a pleno municipal.

Aprobadas 40 novas vivendas protexidas

Os votos a favor do goberno do PP, abstención do PSOE e voto en contra do BNG, o pleno municipal do Porriño vén de dar luz verde á cesión dunha nova parcela municipal na Gulpilleira (no sector SUR-PPR-5) e a formalización dun protocolo de colaboración coa Sociedade Vivenda Pública de Galicia, entidade pública de-

pendente da Xunta de Galicia, co obxectivo de impulsar preto de 40 novas vivendas que se suman ás 300 que xa estaban previstas no marco do Proxecto de Interese Autonómico (PIA) promovido coa Xunta. O calendario prevé iniciar as obras de urbanización no segundo semestre de 2026, co obxectivo de rematalas no cuarto trimestre de 2027.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

LOURINHA

“Sen respostas” ante a inseguridade na A-55 e N-550

O Concello de Mos denunciou publicamente a falta de resposta e de actuación do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ante as máis de vinte peticións que de maneira reiterada ven facendo para a mellora e mantemento realizadas desde principios do ano 2024 nas vías estatais que atravesan o municipio, fundamentalmente na auto-



vía A-55 e na estrada N-550.

No caso da A-55, o Concello leva máis dun ano reclamando

melloras nunha infraestrutura con elevado volume de tráfico e importantes problemas de seguridade viaria, especialmente no Alto de Puxeiros, na zona de Ramilo (Cruce con Casal), Petelos, Rans e Sanguineda. No que respecta á N-550, reclama a súa transformación parcial en travesía urbana no tramo comprendido entre a saída da A-52 e o camiño da Quiringosta, en Sanguineda.

Un mel “de Ouro” en París

O mel producido en Salceda segue levando o nome do noso concello por todo o mundo. A firma Abella Leda, de Joseba Aramburu, vén de acadar a medalla de ouro nos París Honey Awards co seu mel de milflores. Este recoñecemento súmase á medalla de ouro nos London Honey Awards e ao premio ao mellor mel de castiñeiro no concurso nacional de Mieladictos.



Inserción laboral para 100 persoas

O Concello de Mos desenvolverá ata outubro de 2026 a undécima edición do Programa Integrado de Emprego (PIE), subvencionado pola Xunta cun importe total de 220.000 €, correspondentes a fondos finalistas transferidos polo SEPE e cofinanciado polo Concello cun importe total de 57.065,97€.

Trátase dunha iniciativa destinada a mellorar a empregabilidade das 100 persoas participantes a través dun conxunto de actuacións coordinadas que combinan formación, orientación e prácticas non laborais na contorna laboral. Destacan entre outras a xestión



básica de almacén, operacións de manexo de carretilla, técnicas de paquetería, caixa e reposición e competencias profesionais adap-

tadas ás necesidades actuais do mercado de traballo. O Concello comprométese a acadar un 45 % de inserción laboral.

“Cinema Sorrisos” para nenos en atención hospitalaria

O Festival de Cans, cuxa XXIII edición terá lugar do 19 ao 23 de maio, pon en marcha “Cinema Sorrisos”, un proxecto inclusivo que busca achegar o cine ás nenos e nenos ingresados en diferentes hospitais de Galicia.

O proxecto, que conta co apoio da empresa farmacéutica Lonza, comezou o 3 de febreiro no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), para continuar o día no Complexo Hospitalario Universitario de A

Coruña (CHUAC) e o 6 no Hospital Provincial de Pontevedra. O día 10 será a última das citas no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, coa colaboración da Asociación de Axuda a Nenos Oncolóxicos de Galicia (ASANOG).

Entre as curtametraxes incluídas no proxecto están Cadáver de Dragón, do cineasta José Garello, mellor curta de animación na última edición de Cans, e Liminal Station de Mario Filloy, que levou unha mención especial na sección Novas Camadas.

**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!
MEJORAMOS EL PRECIO
DE TUS SEGUROS**

**ENVÍANOS UN WHATSAPP Y
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO**

633 60 12 57

Rúa do Pinar, nº13, Bajo B, O Porriño
986 33 14 50
633 60 12 57
joseluiz.bugarin@agencia.aaa.es
segurosbugarin@gmail.com

**Reforzo
Escolar**

MOTIVACION
TÉCNICAS DE ESTUDIO
PREPARACIÓN DE EXAMES
ORIENTACIÓN EDUCATIVA

Avda de Galicia, 4- 1º PONTEAREAS
Telf: 675 088 316
info@academiatiempos.es

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDIOS

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACION E ASESORAMENTO
DE EMPRESAS

**José Abrales Amil
Economista**

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E
36400 - O Porriño (Pontevedra)

Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
abraldes@orgaserco.es

**CENTRO
VETERINARIO
PONTEAREAS**

Rúa dos Nardos, 14 - baixo A
36860 PONTEAREAS
info@cvpontareas.es

886 21 61 51
URX. 603 61 02 23

SALCEDA DE CASELAS

Salceda en FITUR 2026

O concelleiro de Turismo, Marcos Troncoso, formou parte do grupo que representou ao xeodestino Condado Paradanta "Terra e Auga", do cal forma parte Salceda, no maior escaparate turístico internacional de España: FITUR 2026, celebrada no IFEMA (Madrid).

No espazo habilitado para Galicia, o xeodestino Terra e Auga presentou unha proposta como destino turístico enogastronómico e sostible, poñendo en valor atractivos locais singulares e unha ex-



periencia de calidade baseada na gastronomía da comarca: callos, lamprea, requeixo, así como a

ampla variedade de viños e espumosos.

Plan Municipal de Mellora de Vías

O Concello puxo en marcha as visitas polas parroquias para elaborar o Plan Municipal de Mellora de Vías 2026. O inicio foi na zona do cemiterio parroquial de Parderrubias, onde nos acompañaron a Comunidade de Montes e a Asociación Veciñal San Tomé, traba-



llando en conxunto para seguir mellorando os nosos camiños e espazos públicos

Por outra banda comezaron os traballos de limpeza nos principais vías e camiños das parroquias en Castro Barreiro e A Feira, pola súa proximidade coa festividade do entroido.

Abstención do BNG nos Orzamentos 2026

Durante o pleno municipal celebrado o 29 de xaneiro, o BNG de Salceda adoptou a súa abstención na votación para a aprobación inicial dos Orzamentos 2026, considerando a necesidade dun "mellor estudo" dos mesmos e criticando a "apurada tramitación" e a "presa repentina" por parte do goberno municipal, o que "facía imposible unha visión global a

respecto do orzamentos para o Municipio".

Indicaron os nacionalistas salcedenses que a Alcaldesa Loli Castiñeira xa tiña constancia con anterioridade desta abstención do BNG, o cal impedía a aprobación por maioría destes orzamentos. Así, o BNG sinalou que non van dar "carta branca" para aprobar baixo o criterio do goberno municipal.

Entre as razóns desta abstención destacan que aínda quedan "cargas de 2025" en materia de "facturas pendentes de pago que suman 1.700.000€" así amosaron a súa contrariedade ante partidas orzamentarias como Festexos, Atencións Protocolarias e Representativas, Publicidade e Propaganda, que alcanzan 202.843,35€, así como Gastos Diversos e Outros Gastos, que suman 158.528,67€.

Un inverno a ritmo de festa

As comisións de festas de San Vicente de Soutelo e San Amaro de Parderrubias mantiveron vivas as tradicións e as celebracións populares en distintos barrios e parroquias salcedenses durante estes meses de inverno.



"O mellor entroido da provincia"



Salceda presentou o seu Entroido 2026, unha cita centenaria onde os barrios da Feira e de Castro Barreiro levan enfrontándose dende hai xa 140 anos, convertendo ao municipio no epicentro entroidero da provincia de Pontevedra e aspirando a ser declarada de Interese Turístico de Galicia.

Ademais da rivalidade entre os barrios, os actos inclúe o desfile escolar que acollerá a

máis de 1.500 nenos e nenas; o XXVII Desfile de Carrozas e Comparsas; o desfile dos barrios de Castro Barreiro e a Feira; concertos con a Banda Cultural acompañada das Donicelas; e o I Certame de Fotografía Xank Penabella, entre outras actividades. Segundo a Alcaldesa Loli Castiñeira, "máis de 30.000 persoas que se achegarán a Salceda durante os días de Entroido".

Musealización dos petroglifos do Coto do Chan

O Concello deu comezo aos traballos de musealización dos petróglifos do Coto da Chan e do marco histórico na parroquia de Budiño. Os petróglifos descubertos son a única mostra de arte rupestre existente en Salceda e xa están sinalizados para que a veciñanza poida visitar a zona.



Certame fotográfico "Xank Penabella"

Salceda celebrará o I Certame de fotografía Xank Penabella, unha homenaxe a esta figura tan querida e lembrada no municipio a piques de

conmemorarse o quinto aniversario do seu falecemento. A fotografía ganadora levará o premio principal de 1.500€.



A planta de chips fotónicos SPARC coloca a Vigo na vangarda industrial europea

Un simbólico acto de colocación da primeira pedra, o Parque Tecnolóxico e Loxístico (PTL) inaugurou este 30 de xaneiro a planta de chips fotónicos de SPARC que situará a Vigo na vangarda industrial a nivel de Estado e de Europa. Este proxecto estratéxico no que participa a Zona Franca de Vigo contribuirá coa soberanía tecnolóxica e industrial de España e de Europa.

No acto de inauguración participaron o ministro para a Transformación Dixital do Goberno de España, Oscar López; o Alcalde de Vigo, Abel Caballero; o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco; a senadora e primeira tenente de Alcalde Carmela Silva, e o delegado do Estado da Zona Franca, David Regades, entre outras autoridades.



Esta planta de semicondutores fotónicos de Vigo será unha fábrica de última xeración, doutada de enerxías alternativas e tecnoloxía punteira. SPARC é un proxecto estratéxico e singular a nivel europeo polo desenvolvemento e a transferencia tecnolóxica que alcanzará a Vigo innovación, valor

engadido e revolución tecnolóxica.

A factoría estará situada no Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares e prevese que estea "plenamente operativa" en 2027, xerando preto de 200 postos de traballo directos de alto valor e 550 indirectos.

A enogastronomía coruñesa en Madrid Fusión



A Deputación da Coruña participou na feira Madrid Fusión 2026, cunha variada programación no posto 'A paisaxe que sabe', presentando a máis variada gama de produtos da provincia: galletas, queixos, mexillón, produtos da horta, viños, conservas e moito máis.

Nesta promoción participaron entidades como Gallegas de Nata da Coruña; a horta ecolóxica dos Biosbardos (Cambre); o Con-

sello Regulador da DOP Arzúa-Ulloa; o restaurante Balarés (Ponteceso); os viños das IXP Terras do Barbanza e Iria; a queixaría Galmesán; e a marca santiaguesa Chichalovers; como A Conserveira (A Pobra do Caramiñal) e La Despensa D'Lujo (Coristanco). Tamén se realizou un showcooking a cargo da chef estrela michelin Lucía Freitas, responsábel do restaurante A Tafona en Santiago.

LOVECARS®
www.lovecars.es

CONFITERIA
Regino
Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

PfC Condado

+55
Pompas Fúnebres
del Condado
Gracias

